



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE BALTAR PARA AS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DO CONTORNO DA CASA DO CONCELLO NO NÚCLEO URBANO DE BALTAR.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Baltar, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2017 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Baltar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Baltar, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“adequación e mellora do contorno da Casa do Concello no núcleo urbano de Baltar”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de Baltar (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“adequación e mellora do contorno da Casa do Concello no núcleo urbano de Baltar”**.

A actuación abrangue a adecuación e mellora de un Espazo Público sito na Rúa Sarxento Seoane, a carón da Casa do Concello, Casa da Cultura, casa cuartel da Garda Civil e do colexio Público, dentro do núcleo urbano de Baltar, no centro da vila onde se concentra gran parte da vida administrativa, educativa e cultural do concello

O espazo non está convenientemente delimitado por zonas para uso dos peóns e dos vehículos. Tampouco están delimitadas as zonas de aparcamento para vehículos dos traballadores dos catro edificios públicos nin para os usuarios. Polo tanto, acométese o acondicionamento deste espazo para ordenalo e dignificalo, diferenciando as zonas de uso peonil das de uso para vehículos e aparcamento.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017. María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

